



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: martes, 8 de febreiro de 2022

Hora: 20:00

Lugar: Telemática. Aplicación ZOOM. Enlace habilitado a partires das 19.45 para unirse á reunión Zoom:

<https://us02web.zoom.us/j/89056821486?pwd=ZVMraktXOG5lUG5lL0lDQ3V3bHVhUT09>

ID de reunión: 890 5682 1486

Código de acceso: 971193

Motivación sesión extraordinaria: POS+2022 (remata o día 11.02.2022 o prazo para á solicitude na plataforma SUBTEL da Deputación Provincial).

Motivación sesión telemática: Situación actual da Covid 19 e solicitude voceiro grupo político (vía email).

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

1. Proposta da alcaldía relativa a aprobación: POS+ADICIONAL 1/2022. GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000003.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña. Expediente Nº 2021/X999/000407.

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Proxecto emendado "SENDA PEONIL NA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



AMEIXENDA CEE" CON NRE (20229990000042) de data 13 de xaneiro de 2022. Expediente Nº: 2021/X999/000099.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do REC 1/2022. Expediente Nº 2022/X999/000031.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán